

PROGRAMA DE REFORZO PARA A RECUPERACIÓN DA MATERIA DE MATEMÁTICAS APLICADAS ÁS CIENCIAS SOCIAIS I PENDENTE DESUPERAR

O Departamento de Matemáticas establece para o alumnado coa materia Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I pendente de superar dúas probas finais que se realizarán nos meses de xaneiro e marzo, nas datas que se determinen en colaboración coa Xefatura de Estudos. Na elaboración e corrección de ditas probas teranse en conta os aspectos recollidos no Proxecto Didáctico e na Memoria final do departamento do curso académico inmediatamente anterior á realización das probas e por tanto estas probas abranguerán todos os contidos da materia pendente que se traballaron de xeito presencial o curso anterior.

A puntuación máxima de cada proba final será de 10 puntos e a nota final será a mellor nota das dúas probas realizadas. Considerarase superada a materia cando se obteña unha nota final maior ou igual que 5.

No caso de non superar a materia co sistema anterior, o alumno ou alumna deberá presentarse a unha proba final, oficial e ordinaria, que abranguerá todos os contidos da materia pendente que se traballaron de xeito presencial o curso anterior, e se realizará nunha data, determinada pola Xefatura de Estudos, anterior ao remate das actividades lectivas e adecuada á proba de avaliación final de Bacharelato. A puntuación máxima desta proba será de 10 puntos e considerarase superada a materia pendente se a nota da proba realizada é maior ou igual que 5.

No caso de que a nota da proba anterior sexa inferior a 5, o alumno ou alumna deberá presentarse a unha proba, oficial e extraordinaria, que abranguerá todos os contidos da materia pendente de superar e se realizará antes do 22 de xuño de 2021 nunha data determinada pola Xefatura de Estudos. A puntuación máxima desta proba será de 10 puntos e considerarase superada a materia pendente se a nota da proba realizada é maior ou igual que 5.

As materias Matemáticas Aplicadas ás CC. SS. I e Matemáticas Aplicadas ás CC. SS. II son materias de aprendizaxe progresiva, polo que se requirirá a superación das do primeiro curso para seren avaliadas as de segundo curso.

AGRUPACIÓN DOS CONTIDOS

MATEMÁTICAS APLICADAS ÁS CIENCIAS SOCIAIS I
<p>Números reais. Matemáticas financeiras. Álgebra. Funcións elementais. Funcións polinómicas, exponenciais e logarítmicas. Límite de funcións. Continuidade.</p>

PROBAS PARCIAIS

- A primeira proba final realizarase na semana do 18 ao 22 de xaneiro de 2021.
- A segunda proba final realizarase na semana do 15 ao 19 de marzo de 2021.

PROBAS FINAIS

- A proba final, oficial e ordinaria, realizarase do 12 ao 16 de abril de 2021.
- A proba final, oficial e extraordinaria, realizarase antes do 22 de xuño de 2021 (pendente de confirmar)

INFORMACIÓN E SEGUIMENTO

A información sobre este programa (división dos contidos, datas de exames, notas...), na aula virtual do centro e nos taboleiros dos grupos onde exista alumnado afectado.

O seguimento será realizado por José Lago, profesor que imparte ao alumnado afectado Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II e que estará á súa disposición nos recreos para resolver as dúbidas que poidan xurdir, sempre que se solicite con tempo suficiente.